



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Evaristo Maseda Vizoso, con DNI 33798819C solicita de Augas de Galicia autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.50044

As obras solicitadas consisten no peche parcial de finca na zona de policía do río Bao no lugar de Xordelo da parroquia de San Pedro de Mor no concello de Alfoz, (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de agosto de 2015.- A xefa da Sección de DPH, Beatriz Cobelas Martínez

R. 3265

XEFACTURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o escrito de corrección de erros achegado pola persoa designada pola comisión negociadora do Convenio Colectivo de Materiais e Prefabricados da Construción da Provincia de Lugo e máis do Convenio Colectivo de Comercio de Materiais de Construción e Saneamento da Provincia de Lugo, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición da citada corrección no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 6 de agosto de 2015 - O xefe territorial, P.A. O Xefe do Servizo de Coordinación Administrativa, Vicente Correa Díaz

HIPOLITO TRINIDAD LOSADA, con DNI nº 33747707-Z, en su calidad de integrante de la comisión negociadora de los CONVENIOS DE COMERCIO DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMINETO Y MATERIALES DE CONSTRUCCION Y SANEAMIENTO DE LUGO, y designado para la realización de gestiones que procedan en razón a la publicación de las últimas tablas salariales, publicadas en el BOP nº 132 de fecha 11 de junio de 2015, ante el CITADO ORGANISMO COMPARECE Y DICE:

Que advertido un error en la última publicación de las tablas salariales contenidas en el BOP nº 132, procede a su corrección y fe de erratas en los siguientes términos:

En la página 3 del BOP nº 132 de Lugo, en relación al CONVENIO DE MATERIALES Y PREFABRICADOS PARA LA CONSTRUCCION DE LUGO, en la cuantía económica del Plus de asistencia/productividad y puntualidad NIVEL XII, donde dice 283,65 debe decir 238,65.

En la página 9 del BOP nº 132 de Lugo, en relación al CONVENIO DE COMERCIO DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO, en la cuantía económica de la gratificación de navidad NIVEL X, donde dice 1.368,67 debe decir 1.358,67.

En razón a lo expuesto SOLICITA, tenga por presentado este escrito de corrección de las erratas observadas, y se proceda a la publicación de la fe de erratas indicada.

En Lugo a 31 de julio de 2015

R. 3266

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 11 de agosto de dous mil quince, sobre nomeamento de persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

"Tendo en conta que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2015, aprobou a proposta da Presidencia sobre determinación do Cadro de Persoal Eventual da Entidade, conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 205 da lei 5/97 de Administración Local de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista das propostas que constan no expediente, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local, esta Presidencia **RESOLVE**:

Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordó plenario citado, para prestar as súas funcións adscrito á Área de Presidencia, como Asesor Nivel III, con efectividade do día 11 de agosto de 2015, a Don Manuel Rouco López.

O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento".

Lugo, a dezaioito de agosto de dous mil quince.- **A PRESIDENTA**, M^a Elena Candia López.- **O SECRETARIO**, José María Vázquez Pita.

R. 3267

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

O Pleno do Concello de Barreiros, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2015, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1/2015 do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de créditos e crédito extraordinario, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de Gastos

CAPÍTULO	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
9	174.000	0
3	150.000	24.000
2	1.459.536	1.641.336
6	210.839	329.039

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sometese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcurrido dito prazo non se tivesen presentado alegacións, consideraráse aprobado definitivamente dito Acordo.